

ONDE ESTUDO EU?

 **Debuxa o teu lugar habitual de estudo** 

 **Reflexionar individualmente ou debater en grupo sobre as *condicións do lugar de estudo*:** situación, iluminación, mobiliário, ruidos, ...

Condicións que <i>favorecen</i> o estudo		Condicións que <i>dificultan</i> o estudo

CARACTERÍSTICAS DO LUGAR DE ESTUDO

Às veces as casas onde vivimos non nos permiten ter todas as condicións e todo o espazo que desexamos para nós. Aínda así, convén ter presentes algunhas **recomendacións xerais** que podemos adaptar dentro das nosas posibilidades.

SITUACIÓN

O lugar debe ser sempre o mesmo, para non ter que mudar e organizar as cousas cada día.

Lugar silencioso, lonxe de ruidos exteriores, da rádio, da TV ou dun teléfono de uso frecuente.

MOBILIÁRIO

Unha mesa con espazo suficiente para todos os materiais que precisas e unha cadeira con respaldo recto.

MATERIAIS

Debes ter a man todos os materiais básicos que necesitas: cadernos, textos, dicionários, lápis, goma, bolígrafos, regras, ...

ILUMINACIÓN

O lugar debe estar ben iluminado. Se tes luz natural aproveita sempre que entre con claridade. Para outros momentos debes ter un “flexo” con unha lámpada de luz branca.

TEMPERATURA

Debes procurar un ambiente cálido: non frío, porque pode causar inquietude, nen demasiado quente, porque pode provocar pasividade.



Lembra que estas son só unhas recomendacións xerais que podes utilizar para:

- pensar sobre o teu lugar de estudo
- valorar os aspectos que poden mellorar o teu rendimento
- decidir os cambios que podes e queres facer.